

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Referencia 2005.


Agosto 2010

NOTA DE PRENSA

En agosto de 2010 os prezos dos bens exportados diminuíron en termos interanuais un 7,8% e os dos bens importados aumentaron un 16,9%

Segundo os datos da operación “Índices de valor unitario para o comercio exterior”, elaborada polo Instituto Galego de Estatística, os prezos dos bens exportados na Comunidade Autónoma de Galicia diminuíron un 7,8% en agosto de 2010 con respecto ao mesmo mes do ano anterior. Para os bens importados, os prezos aumentaron un 16,9%.

No que vai de ano, os prezos dos bens exportados diminuíron un 7,3% e os dos bens importados medraron un 10,7%.



FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

Clasificación por destino económico dos bens

Atendendo á clasificación por destino económico, a variación interanual dos prezos das exportacións de bens intermedios foi do -24,4%. Os prezos dos bens de equipo e dos bens de consumo aumentaron un 10,8% e un 5% respectivamente.

Nas importacións, os prezos dos bens de consumo aumentaron un 18,2%. Os prezos dos bens de equipo aumentaron un 16,1% e dos bens intermedios un 14,9%.



Índices de valor unitario para o comercio exterior. Agosto 2010

Índice xeral e clasificación por destino económico dos bens

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	No mes	No que vai de ano		No mes	No que vai de ano
ÍNDICE XERAL	-7,8	-7,3	ÍNDICE XERAL	16,9	10,7
Bens de consumo	5,0	-3,2	Bens de consumo	18,2	3,4
Bens de equipo	10,8	-2,1	Bens de equipo	16,1	-6,9
Bens intermedios	-24,4	-12,8	Bens intermedios	14,9	14,6

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais

Clasificación por orixe/destino xeográfico

Por destino xeográfico das exportacións de bens, produciuse unha diminución interanual do 3,5% para os países pertencentes á Unión Económica e Monetaria, do 8,3% para a UE-25 e do 7,3% para a OCDE. Para os países non pertencentes á OCDE a diminución foi do 13,6%.

Por orixe dos bens importados, os prezos dos bens procedentes de países pertencentes á OCDE aumentaron un 16% e os procedentes do resto de países un 15,2%.

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Agosto 2010

Clasificación por orixe/destino xeográfico

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	No mes	No que vai de ano		No mes	No que vai de ano
UEM	-3,5	-7,3	UEM	26,7	11,4
UE-25	-8,3	-8,3	UE-25	13,5	7,8
OCDE	-7,3	-7,1	OCDE	16,0	9,3
Resto de países	-13,6	-9,2	Resto de países	15,2	13,5

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais; UEM: Unión Económica e Monetaria

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_ivus_ref_2005_ga.pdf

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>